

Análise lonxitudinal das afiliacións ao Sistema da Seguridade Social en Galicia

METODOLOXÍA

1. Introducción

O artigo 1 do Real decreto 693/2010, do 20 de maio, polo que se modifica o Real decreto 1314/1984, do 20 de xuño, polo que se regula a estrutura e competencias da Tesourería Xeral da Seguridade Social (en adiante, TXSS), atribúe a este organismo a competencia relativa a inscrición de empresas e a afiliación, altas e baixas dos traballadores e das traballadoras.

En abril de 2021, o Instituto Galego de Estatística (IGE) firmou un convenio de colaboración en materia estatística coa TXSS e co Instituto Social da Mariña polo cal recibirá mensualmente información do ficheiro de afiliacións en alta laboral a último día, relativas a persoas que traballan por conta allea ou por conta propia.

Ademais, o Instituto Galego de Estatística (IGE) dispón dunha base de datos con nome [*Base de datos sociodemográfica*](#) onde están todas as persoas que nalgún momento tiveron algunha relación con Galicia, constatada mediante os rexistros administrativos dos que se dispón no IGE: Padrón Municipal de Habitantes, Afiliacións á Seguridade Social, Pensionistas contributivos da Seguridade Social, Demandantes de emprego... Esta *Base de datos sociodemográfica* é unha fusión de rexistros administrativos coa finalidade de ter un sistema de información que conteña datos socioeconómicos da poboación que nalgún momento tivo relación con Galicia. Dispónse do lugar de residencia da persoa e características socioeconómicas como o xénero, o ano de nacemento, se está afiliada en alta laboral á Seguridade Social, se é demandante de emprego, etc., así como información relativa ás características laborais dos empregos que desempeña en Galicia.

Por último, o IGE incluíu por primeira vez no Programa Estatístico Anual 2025, aprobado polo Decreto 201/2024 do 27 de decembro, a actividade estatística de periodicidade anual *Análise lonxitudinal das afiliacións ao Sistema da Seguridade Social en Galicia*.

2. Obxectivo

O obxectivo desta estatística é a difusión das afiliacións á Seguridade Social dende unha perspectiva lonxitudinal, canto tempo estivo unha persoa afiliada ao longo do ano, as

características da afiliación, cantos episodios dunha afiliación tivo, cantas afiliacións distintas tivo, etc. Para isto dentro da Base de datos Sociodemográfica procederase a crear unha táboa lonxitudinal que permita o seguimento de cada unha das afiliacións ao longo do tempo. Esta táboa cruzarase con outras táboas dispoñibles na Base de datos Sociodemográfica e obteranse os indicadores que se exporán ao longo desta metodoloxía.

3. Ámbitos de investigación

Ámbito poboacional: A poboación obxecto de investigación é o conxunto de persoas afiliadas á Seguridade Social, que se atopen en alta laboral nalgún momento do ano, con residencia na Comunidade Autónoma de Galicia segundo conste no Padrón Municipal de Habitantes do Instituto Nacional de Estadística (INE). O ámbito tamén se restrinxirá aos traballadores en Galicia.

Non están incluídas no marco da estatística as persoas que cotizan á Seguridade Social por outros motivos, como por exemplo os e as perceptores/as de prestacións por desemprego ou as persoas rexistradas no Sistema só a efectos de percibir asistencia sanitaria.

Tampouco se recollen nesta estatística os traballadores e as traballadoras que cotizan a un sistema de provisión social distinto ao da Seguridade Social como, por exemplo, os funcionarios e as funcionarias de clases pasivas.

Hai que ter en conta que o número de afiliacións non se corresponde necesariamente co de persoas traballadoras, senón co de situacións que xeran a obriga de cotizar. É dicir, a mesma persoa contabilízase tantas veces como situacións de cotización teña, xa sexa porque realiza varias actividades laborais distintas dentro dun mesmo réxime¹, ou ben porque cotiza en varios réximes distintos ao mesmo tempo². Nesta estatística difúndese información tanto das afiliacións en alta laboral, coma das persoas afiliadas á Seguridade Social.

Ámbito territorial: O ámbito xeográfico abarca todo o territorio galego.

Ámbito temporal: O ámbito temporal correspóndese co ano natural. Esta estatística empeza no ano 2022.

¹ Por exemplo, unha persoa que preste servizos por conta allea nunha empresa da rama do comercio a metade da xornada e, a outra metade, traballe nunha axencia de viaxes.

² Por exemplo, unha persoa que cotice no Réxime Xeral porque traballa por conta allea nunha empresa pero que sexa, a súa vez, propietario da súa propia empresa, na que tamén traballa, e cotice no Réxime Especial de Traballadores e Traballadoras Autónomas.

Definicións

Persoas afiliadas á Seguridade Social: a afiliación ao Sistema da Seguridade Social é obrigatoria para todas as persoas incluídas no campo de aplicación da Seguridade Social e única para toda a vida do traballador e da traballadora e para todo o sistema, sen prexuízo das baixas, altas e demais variacións que con posterioridade á afiliación poidan producirse. É dicir, o traballador ou a traballadora afíliase cando comeza a súa vida laboral e se dá de alta nalgún dos réximes do Sistema da Seguridade Social. Esta situación denomínase alta inicial. Se cesa na súa actividade será dado/a de baixa pero seguirá afiliado/a en situación de baixa laboral. Se retoma a actividade producirase unha alta denominada alta sucesiva a efectos estatísticos, pero non terá que afiliarse novamente, dado que, como xa se indicou, a afiliación é única para toda a vida do traballador ou da traballadora.

Réxime de afiliación: a estrutura do Sistema da Seguridade Social está integrada polo Réxime Xeral e os Réximes Especiais establecidos para algunhas actividades profesionais particulares. Tamén se pode dividir en conta propia ou conta allea. O traballo por conta allea inclúe ás persoas afiliadas aos réximes 0111, 0112, 0138, 0163, 0811, 0812, 0813, 0814 e 0911. O traballo por conta propia inclúe os réximes 0140, 0161, 0521 e 0825.

Actividade económica: o ficheiro orixinal da Seguridade Social inclúe neste campo a desagregación da actividade económica a 4 díxitos da CNAE-2009 para os traballadores e as traballadoras pertencentes ao Réxime Especial de Autónomos/as e do Réxime Especial do Mar por Conta Propia. Para os traballadores e as traballadoras por conta allea, a actividade hai que importala dende o ficheiro de contas de cotización; polo que, para esta categoría de emprego, corresponde á actividade económica da conta de cotización na que figuran inscritas estas persoas.

Data de alta: indica o momento no que a persoa foi dada de alta na conta de cotización (primeira alta ou altas sucesivas) cando esta traballe por conta allea, ou o inicio da actividade por conta propia cando se trate dun traballador por conta propia

Data de baixa: indica o momento no que a persoa foi dada de baixa na conta de cotización, no que caso de que xa non estea empregada por conta allea nesta, ou o momento no que cesa a actividade por conta propia para os autónomos e as autónomas que remataron a súa actividade.

Grupo de cotización: é a categoría na que a Seguridade Social en España clasifica ás persoas traballadoras segundo o seu posto, nivel formativo ou funcións. Cada grupo ten asociadas unhas bases mínimas e máximas de cotización, e diso depende

canto se cotiza e que prestacións se xeran (como pensións, baixas, etc.). A clasificación é a seguinte:

00: Non consta

01: Enxeñeiros, licenciados e alta dirección

02: Enxeñeiros técnicos, peritos e axudantes titulados

03: Xefes administrativos e de taller

04: Axudantes non titulados

05: Oficiais administrativos

06: Subalternos

07: Auxiliares administrativos

08: Oficiais de primeira e segunda

09: Oficiais de terceira e especialistas

10: Peóns e asimilados

11: Traballadores menores de 18 anos, calquera que sexa a súa categoría profesional

Coeficiente de tempo parcial: porcentaxe da xornada laboral habitual da empresa traballado

4. Variables

A variable obxecto de estudo é a afiliación das persoas traballadoras ao longo da vida laboral. As afiliacións clasificarémolas segundo:

- Número de episodios de cada afiliación
- Número de afiliacións
- Sexo da persoa afiliada
- Réxime da persoa afiliada
- Sector económico da persoa afiliada
- Duración media en días da afiliación
- Intensidade do traballo da persoa afiliada: porcentaxe de días traballados ao longo do ano

5. Procesamento dos datos

Na *Base de datos sociodemográfica* xa temos gravada toda a información mensual que recibimos da TXSS (na táboa *AfiliacionsSegSocial_NC*). Con esta información imos crear unha

táboa nova (*BD_lonxitudinal_AFISS*) que nos sirva para o propósito desta estatística. Esta táboa terá o mínimo de variables posible co obxectivo de que cando falte información se poida recuperar a información da táboa base que contén toda a información mensual das afiliacións. As variables que contén preséntase na seguinte táboa:

Variable	Significado	Posibles valores	Correspondencia
<i>clave_afiliacion</i>	Clave única e biunívoca da afiliación	Concatenación das variables <i>na, regimen, ccot</i> (conta allea) / <i>tesoreria+cnae2009+'00000'</i> (conta propia)	<i>clave_afiliacion</i>
<i>num_episodio</i>	Número de episodio na afiliación	Díxito numérico que indicará a orde de cada un dos distintos episodios nos que se vai dividir cada afiliación	
<i>gcot</i>	Grupo de cotización	Consultar proxecto técnico de Afiliacións á SS por concello de residencia	<i>gcot</i>
<i>tipocontrato</i>	Tipo de contrato	Consultar proxecto técnico de Afiliacións á SS por concello de residencia	<i>tipocontrato</i>
<i>coef_tpo_parcial</i>	Coeficiente de tempo parcial	Consultar proxecto técnico de Afiliacións á SS por concello de residencia	<i>coef_tpo_parcial</i>
<i>cnae09</i>	Código a 4 díxitos da CNAE-2009	Consultar proxecto técnico de Afiliacións á SS por concello de residencia	<i>cnae09</i>
<i>FecAlta</i>	Data de alta	AAAAMMDD (ano+mes+día)	<i>falta</i>
<i>FecBaixa</i>	Data de baixa	AAAAMMDD (ano+mes+día)	<i>fbaja</i>
<i>duracion</i>	Duración da afiliación	Numérico	
<i>num_contratos</i>	Número de contratos distintos que abarca este episodio na afiliación	Díxito numérico que indicará cantas veces foi dada de baixa e alta sucesiva (ao día seguinte) a afiliación en cada episodio	
<i>incidencia</i>	Descrición das posibles incoherencias ou casuísticas estrañas observadas neste episodio da afiliación	Casuística 1, Casuística 2, Casuística 3, etc...	

A variable *clave_afiliacion* permite seguir a evolución de cada afiliación no ficheiro orixinal, en *AfiliacionsSegSocial_NC*; por medio desta variable, vincúlase *BD_lonxitudinal_AFISS* con *AfiliacionsSegSocial_NC* (e, a súa vez, nesta hai unha variable clave que vincula este rexistro con todo o Sistema da *Base de datos sociodemográfica*).

A variable *num_episodio* indica a orde de cada un dos episodios nos que se divide cada afiliación. Permite saber cantos cambios sofre unha afiliación ao longo da súa vida, cantas veces é dada de alta e baixa, etc., e localizar o cambio máis recente dunha forma sinxela, posto que toma valores numéricos de forma ascendente. Por exemplo, unha afiliación que é dada de baixa 3 veces, daría lugar na táboa *BD_lonxitudinal_AFISS* a tres insercións; a primeira inserción tería valor 1 na variable *num_episodio*, a segunda inserción tería valor 2 e a terceira inserción, valor 3; a modificación máis recente, polo tanto, corresponde co rexistro que teña o maior valor na variable *num_episodio*. No caso de afiliacións que son dadas de baixa no día x e de alta de novo no día $x+1$, sen que cambien as características da afiliación, non se consigna un novo episodio na afiliación; considérase que esa baixa non sucedeu.

A variable *duracion* calcularase tendo en conta o intervalo comprendido entre as variables *FecAlta* e *FecBaixa*.

A variable *num_contratos* permite coñecer o número de veces que a afiliación é dada de baixa e alta sucesiva, sen que medie ningún día entre unha data de finalización e a posterior nova alta e sen que cambien as características da afiliación, dentro de cada episodio; permite coñecer o número de contratos que abrangue cada episodio.

Mediante a variable *incidencia* anotaranse todas as incoherencias ou casuísticas estrañas detectadas en cada episodio da afiliación.

En canto ao proceso de elaboración da táboa *BD_lonxitudinal_AFISS* hai que ter en conta que podemos atopar incoherencias entre rexistros relativos a unha mesma afiliación dentro do ficheiro relativo a un mes t , pero tamén podemos atopar incoherencias nos rexistros relativos a unha mesma afiliación correspondentes a meses distintos (por exemplo, ao comparar o mes t e o mes $t+1$). Solucionaranse, en primeiro lugar, as incoherencias atopadas no ficheiro do mes t para, en segundo lugar, solucionar as incoherencias detectadas ao comparar os rexistros do mes t cos do mes $t+1$.

As incoherencias que se detectaron e que se corrixirán serán as seguintes:

Incoherencias no ficheiro do mes t :

- Casuística 1: afiliacións que son dadas de baixa no día x do mes t e de alta de novo no día $x+1$ do mes t , sen que cambien as características da afiliación.

- Solución: non se consigna un novo episodio na afiliación; considérase que esa baixa non sucedeu. Ademais, na variable *num_contratos* consígnase o número de contratos a que corresponde ese episodio da afiliación (o número de baixas e de altas consecutivas que se suceden sen que cambien as características da afiliación).
- Casuística 2: a problemática das afiliacións que son dadas de baixa en torno ao último día hábil de mes, para as cales figura, dentro do mesmo, un rexistro en alta e outro en baixa con data en torno ao último día hábil e data de alta coincidente coa do rexistro en alta. Á hora de construír a base de datos lonxitudinal, imos considerar que estas afiliacións son dadas de baixa o último día hábil de mes (acéptase como data de baixa os días 28, 29, 30, 31; isto é, as afiliacións dadas de baixa en días previos ao último día hábil tamén entrarían nesta casuística, en particular en meses nos que este coincide preto de fin de semana).
- Casuística 3: afiliacións en alta nun mes para as que figura tamén un rexistro de baixa con data de alta posterior ao rexistro en alta. Consideraremos que o rexistro en alta está errado e non se vai ter en conta á hora de construír a base de datos lonxitudinal de afiliacións.
- Casuística 4: afiliacións que seguen en alta a último día hábil do mes t pero para as que tamén figura un rexistro de baixa no mes t, con día de baixa anterior ao último día hábil do mes t. Darémolles prioridade ao rexistro de baixa e considerar que a afiliación foi dada de baixa no momento marcado por *FecBaixa*.
- Casuística 5: afiliacións nas que cambian as súas características dentro do mesmo mes sen que se modifique a súa data de alta; soe acontecer no caso de afiliacións que son dadas de baixa o último día hábil do mes ou en torno a este; descoñecemos en que momento concreto se produciu este cambio. Non rexistraremos ningún cambio na afiliación e asignaremos a esta as características máis recentes ou, no caso de afiliacións dadas de baixa en torno ao último día hábil do mes, as características que figuren no rexistro en alta.
- Casuística 6: réximes 0161 e 0163; nestes casos, cando o/a afiliado/a está contratado por unha empresa, figura un rexistro co código de réxime 0163 e outro co código 0161 para esa persoa; para non contabilizar a afiliación dúas veces, o rexistro con código 0161 ponse como en situación de baixa; cando o/a afiliado/a non está contratado por unha empresa, o Sistema permítelle seguir cotizando en nome propio e, neste caso, só figura un rexistro co código de réxime 0161 para esa persoa,

que se deixa en situación de alta. Neste caso analizamos a variable *sit_afiliacion*; cando esta sexa igual a "Alta", esa afiliación mantémola en alta; cando figure en "Baixa", na base de datos lonxitudinal tamén se debe dar de baixa; a data de baixa (no rexistro orixinal esta variable figura a nulo) debe coincidir coa data de alta desta persoa no réxime 0163 nese mesmo mes.

- Casuística 7: afiliacións no réxime 0140 que aparecen repetidas no mes t ; coinciden exactamente todas as variables laborais, así como a data de alta e permanece en alta laboral a último día hábil do mes t (figura a nulo a data de baixa). Só se consigna un episodio nestes casos, prescindindo dos rexistros repetidos.

Incoherencias ao comparar os ficheiros dos meses t e $t+1$

- Casuística 8: afiliacións nas que cambian as súas características dun mes para outro sen que se modifique a súa data de alta; descoñecemos en que momento concreto se produciu este cambio. Neste caso supoñemos que o cambio se produce o 1º día do mes seguinte e rexistramos un cambio na afiliación; con esta solución non perdemos a información pero debemos imputar as datas de alta e baixa.
- Casuística 9: afiliacións que seguen de alta a último día hábil de mes pero ao mes seguinte non figuran no ficheiro. Neste caso imputamos como data de baixa o último día natural do mes no que desaparecen; con esta solución debemos imputar a data de baixa.
- Casuística 10: afiliacións que seguen de alta a último día hábil do mes t pero ao mes seguinte, en $t+1$, non figuran no ficheiro, pero volven aparecer con posterioridade ao mes $t+1$ (en $t+2$, $t+3$, etc.) coa mesma data de alta que no mes t . Neste caso cando se faga a explotación lonxitudinal do mes $t+1$, imputarlle como data de baixa o último día natural do mes no que desaparece. Cando volve aparecer, a partir do mes $t+1$, corríxese a data de baixa: pónselle a que lle figure, no caso de atoparse en baixa, ou déixase a nulo no caso de atoparse en alta a último día hábil.
- Casuística 11: afiliacións que figuran en alta ou en baixa laboral no mes t , con data de alta anterior ao mes t , pero que non figuran no mes $t-1$ ou en meses previos. Introducimos estas afiliacións na base de datos lonxitudinal no momento no que aparezan por vez primeira no ficheiro de afiliacións, con independencia de que fose dado de alta nun momento anterior ao mes no que aparece.
- Casuística 12: afiliacións que figuran en alta laboral a último día hábil do mes $t-1$; ao mes seguinte, en t , figuran en alta ou baixa laboral pero cunha data de alta distinta

á do mes t-1, pero dentro do mes de referencia, isto é, dentro do mes t; pode ser que cambiasen ou non as características da afiliación; produciuse unha baixa nesta afiliación entre t-1 e t sen que quedase rexistrada. Rexistraremos unha baixa con día inmediatamente anterior á data de nova alta, en t. Se non hai cambio nas variables que definen o tipo de relación contractual (tipo de contrato, coeficiente de tempo parcial, grupo de cotización etc.), isto supón non rexistrar ningún cambio na afiliación, en base á casuística 1.

- Casuística 13: afiliacións que figuran en alta laboral a último día hábil do mes t-1; ao mes seguinte, en t, figuran en alta ou baixa laboral pero cunha data de alta distinta á do mes t-1, e fóra do mes de referencia, isto é, con data de alta anterior ao primeiro día do mes t; pode ser que cambiasen ou non as características da afiliación. Esta casuística é moi similar á 12; ademais, na meirande parte dos casos detectouse que a “nova” data de alta da afiliación se corresponde cos últimos días do mes t-1. A solución é similar á da casuística 12: rexistrar unha baixa con día inmediatamente anterior á data de nova alta, en t. Se non hai cambio nas variables que definen o tipo de relación contractual (tipo de contrato, coeficiente de tempo parcial, grupo de cotización etc.), isto supón non rexistrar ningún cambio na afiliación, en base á casuística 1.

A partir da táboa creada seguindo o procedemento anterior calcularanse os indicadores seguintes:

- Número medio de episodios de cada unha das afiliacións: número de veces que se dá de alta e de baixa unha afiliación cunhas características determinadas: mesmo tipo de contrato, grupo de cotización, coeficiente a tempo parcial e código a 4 díxitos da CNAE-2009, entre o número de afiliacións distintas.
- Número medio de afiliacións por persoa: número de veces que se dá de alta e de baixa as afiliacións, entre o número de persoas distintas .
- Duración media das afiliacións en días: tempo transcorrido en días entre a data de alta da afiliación e a data de baixa.
- Porcentaxe de permanencia das afiliacións: calcúlase como a proporción de afiliacións que seguen en alta a último día hábil do período de seguimento en relación a todas as afiliacións que se deron de alta no ano en estudo. Como a serie comeza no ano 2022, pode calcularse a permanencia no primeiro ano (último día hábil de 2022), no segundo ano (último día hábil de 2023) e no terceiro ano (último

día hábil de 2024). Ademais, pode calcularse de forma separada segundo as características persoais do traballador ou da traballadora (xénero, grupo de idade) ou as características da afiliación (régime de afiliación, sector de actividade).

- Intensidade de traballo dunha persoa: defínese como a proporción de días que a persoa traballou durante un ano.

6. Presentación de resultados

Con periodicidade anual os datos difúndense na web do IGE (www.ige.eu) dentro do apartado temático de Traballo – Afiliacións á Seguridade Social e Mutualidades.